



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Unha vez na feira de Santiso, un fulano da parroquia de Carnés que está aí á vista da ponte, do porto, un home máis novo ca min, un ano, Salustiano, agora morriu. E iba con dúas mozas de brasete, dúas rapazas novas, a maneira. A min chámanme o Nemiñán a conoser, o Nemiñán, entonses subiu pola escalera riba e de par de min dim' el:

39

Buenas tardes Nemiñán
unque dígha-lo que queiras
vou equipado pró vran.

Díxomo falando. E eu díxenlle:

Mira que se non respondes
como te vas a 'ncontrare
porque s'arreglas a iunha
déixa-la ioutr'a pesare.

Un panadeiro de Carballo. E entonses, o fulano chamábase Mariano, eu conocíao ben e conozoo. E cheghou aquí a xunt' a min e xunt' ó panadeiro él a máis outro e di él:

40

Panadeiro de Carballo
cuidado co Nemiñán
qu'anda muito pola volt'
e sabe pasá-la man.

Dígholle eu:

Hei de ter qu'ir ái adiante
avisando con apuro
trah de min vén Mariano
con el n'hai nada seghuro.

Este é o tono de regheifa:

39

Buenas tardes Nemiñán
unque dígha-lo que queiras
vou equipado pró vran.

Mira que se non respondes
como te vas a 'ncontrare
porque s'arreglas a iunha
déixa-la ioutr'a pesare.

1756

Cando 'stou con estas cousas
debo de desir quen son
por s'alghún quer'escribirme
poderá ter direusión.



**Museo
do Pobo
Galego**



instituto de
estudos das
identidades

Eu son Francisco Canosa
do lugar de Risamonde
por canto vexo cos ollos
non quero virá-lo nome.